



COLABORACIÓN

O RECANTO
DO LECTOR

LIBROS PARA TODAS HORAS



TÍTULO

*O misterio das badaladas*AUTOR Xavier Docampo
EDITORIAL SM

Nun lugar chamado Eiranova poñen un novo reloxo que ás doce dá trece badaladas. Comproban que non ten ningunha avaría e Cristina, a protagonista, empeza a investigar o que pasa.

RECOMENDADO POR

IRENE SALGADO
PATRICIA ZAPICO 5°C

TÍTULO

*Intercambio cun inglés*AUTOR Chr. Nöstlinger
EDITORIAL

Trata da integración dun neno problemático doutro país (Inglaterra). A mín paréceme aconsellábel para nenos e nenos da miña idade, porque trata de temas actuais que a miúdo ocorren.

A integración sempre nis custa a todos, a uns máis ca outros.

RECOMENDADO POR

CLARA DURAN. 6ª

TÍTULO

*A boneca máxica*AUTOR Hemma Joven
EDITORIAL Trebol Blanco

A Xulia acábanlle de agasallar cunha boneca que se chama Esteliña... Algunhas persoas din que é máxica. Non sabemos se é verdade ou non, pero pensa en voz alta e canta uns contos moi bonitos. Ven a coñecela e a divertirse con ela!

RECOMENDADO POR

FÁTIMA GARCÍA

TÍTULO

*Chamizo*AUTOR Fina Casallerrey
EDITORIAL Ed.. Xerais

Martina é unha nena de nove anos. O que máis desexa no mundo é ter un animal, pero os seu pais non lle deixan porque viven nun piso. Un día no patio do colexio atopa un gatiño negro dentro dunha papeleira e... Anímate a ler chamizo!

RECOMENDADO POR

ANA 4ªB

TÍTULO

*O portal dos elfos*AUTOR Herbie Brennan
EDITORIAL Salamandra

Henry empeza as súas vacacións cun sorprendente descubrimento: no xardín do señor Fogarty aparece o Príncipe do reino dos Elfos. O rapaz coa axuda do excéntrico Fogarty intentará crear un portal que permita o Príncipe regresar ao seu reino ameazado Elfos da noite.

RECOMENDADO POR

EDURNE PÉREZ 5°C

TÍTULO

*Querido fillo: estás despedido*AUTOR Jordi Sierra
EDITORIAL Alfaguara

Miguel é un neno desordenado, desobediente e traste e con moi pouco interese polos estudos. A súa nai dalle 30 días para cambiar. Pasa un mes e o seu comportamento segue sendo igual. A súa nai decide despedido da casa.

RECOMENDADO POR

MALIK ADEMI 5°C

TÍTULO

*A praia da esperanza*AUTOR A. Fernández Paz
EDITORIAL Xerais

Unha nena chamada Raquel encontra na praia unha buguina. Lévaa para casa e no seu interior atopa unha serea chamada Sunia. Un día a buguina comeza a botar petróleo e Sunia dase conta de que algo terrible está a acontecer no mar e decide voltar para reunirse coa súa familia. Raquel e os seus pais van limpar a praia e con outras moitas persoas forman a palabra VIDA.

RECOMENDADO POR

CARLOS QUIROGA 5°C

TÍTULO

*O parque prohibido*AUTOR Andrés Ibáñez
EDITORIAL

É unha novela na que se mesturan fantasía e realidade. Na cidade onde vive Frido, o protagonista, hai un parque misterioso no que ninguén pode entrar. A pesar diso, todo o mundo sabe que alí medra a árbore do Bo, unha maceira máxica que pode conceder tres desexos. O único que quere Frido é entrar no parque para poder axudar ao seu pai...

RECOMENDADO POR

MARÍA A. SÁNCHEZ 4ªA

TÍTULO

*Junie J. e o autobús apestado*AUTOR Bárbara Park
EDITORIAL Bruño

Junie B. Jones ten un problema co autobús do seu novo colexio. Di que é máis incómodo e apestado. Junie sabe moi ben que uns nenos moi malles tiranlle batido de chocolate na cabeza cando sae do autobús. Precisa un plan moi urxente para non ter que subir a el. Non perdas ningunha das historias de Junie B. Jones!

RECOMENDADO POR

SOFÍA. 4ªB

TÍTULO

*Os nenos máis encantadores do mundo*AUTOR Gina Ruck-Pauquet
EDITORIAL Alfaguara

Trátase dun novo chamado Sebastián que se dedicaba a limpar a borra das chemineas. Recibiu a noticia de que a súa tía Pimpernella morrera e lle deixara unha substancial herdade. Cando vai recoller a herdade atopa dúas maletas con obxectos absurdos e tres nenos que lle cambiarán a súa vida.

RECOMENDADO POR

LARA MARTÍNEZ. 4ªB